

Copla. Durante a obra aparecen breves toques lembrando ás xotas de Aragón. Toda a sección lenta é un canto en forma de Albaes, danza lenta que utiliza o cantaor para seducir a unha persoa, típicas de Valencia. Toda a música describe a alegría e ilusión das xentes que habitan esta terra de España onde tanto brilla o Sol e tanto son ofrece o claro Mar.



JORGE GARCÍA ROJO
Saxofón Alto e soprano

Comeza os seus estudos musicais a idade de 6 anos no Conservatorio Profesional de Música de Carballo, baixo a tutela de J. Vicente Pérez Planelles. Obtén praza no Conservatorio Superior de Música de A Coruña donde estudia baixo supervisión de Narciso Pillo Guerreiro rematando no ano 2010 obtendo a distinción de Matrícula de Honra na especialidade de saxofón.

Asiste a clases de saxofón durante a súa formación con ilustres saxofonistas do ámbito galego como Jose Manuel Posada Vila, así como a diversos cursos de perfeccionamento musical con mestres de nivel internacional como Arnö Börnkamp, Johan Van der Linden, Philippe Lecocq, Claude

Delangle, Eric Devallon, Juan Manuel Jiménez Alba, Joaquín Franco, Julien Petit, Narciso Pillo, Antonio Felipe...

En canto ao ámbito interpretativo, no ano 2009 interpreta como solista o concerto para saxo alto de Ida Gotkovsky coa Banda do Conservatorio Superior de A Coruña e é chamado para a colaboración coa Xoven Orquestra Sinfónica de Galicia.

Ao ano seguinte pasa a formar parte da Banda Municipal de Ferrol, obtendo a praza de saxofón alto solista. Neste mesmo ano obtén a I Mención de Honor nos "Premios a excelencia musical" organizados pola fundación Paideia e que lle deron dereito á grabación dun CD nos estudos Mans da Coruña.

No ano 2011 obtén o título de "Máster Artístico en Interpretación Musical" pola Universidade Internacional de Andalucía.

Seguidamente, no ano 2012 interpreta como solista o "Concerto para Saxofón e Banda" de Derek Bourgeois coa Banda Municipal de A Coruña.

Forma parte desde a súa formación no ano 2013 do cuarteto de saxofóns Skirion, co cal realiza a grabación do traballo "Recitation Book", participando tamén como congresista activo no "I Congreso Europeo do Saxofón" celebrado en Cidade Real.

No ano 2015 obtén o primeiro posto nas probas para a formación de listas de agarda na especialidade de saxofón para a Banda Municipal de Santiago de Compostela, estreando a nivel nacional como solista a Rapsodia para saxofón barítono e banda de Mark Watters con esta agrupación no ano 2016.

Interpreta no 2016 como solista o Concerto de Ronald Binge e a Fantasia de Claude T. Smith coa Banda Municipal de Coruña.

Recentemente obtén o primeiro posto nas especialidades de saxofón alto e barítono na formación de listas de interinaxe na Banda Municipal de Coruña.

Actualmente desempeña o labor de profesor de saxofón no Conservatorio Profesional de Música de Vilalba e no Conservatorio Profesional de Música de Arzúa.



VINDEIROS CONCERTOS DA BMMC:

Pazo da ópera
Domingo 18 de marzo. 12:15 h
Director: **A. Valero**

Pazo da ópera
Domingo 8 de Abril
Director titular: **Juanjo Ocón**

Teatro Rosalía de Castro
Jueves 19 de abril. 20:00 h
Director titular: **Juanjo Ocón**

Palacio da ópera
Domingo 22 de abril
Director titular: **Juanjo Ocón**

Se desexan ser informados das nosas actividades mediante correo electrónico, poden solicitalo en banda@coruna.es



*Como banda sonora
da cidade 1948-2018*

IN CRESCENDO COA BMMC

CONCERTO

PALACIO DE LA ÓPERA
Domingo 11 de marzo do 2018
12.15 horas

Director: **J. L. Represas**



NOTAS AO PROGRAMA:

*SUNRISE AT ANGEL'S GATE (2001). (Amencer na porta do anxo)

Philip Sparke (Londres 21 de decembro de 1951)
Unha evocación sonora dun amencer desde a Porta do Anxo, unha formación rochosa do Gran Canón do Colorado. “Sunrise at Angel's Gate” (Amencer na porta do anxo) evoca a propia experiencia do autor en tan singular lugar onde as cores do alba impregnan dun ambiente especial a canto nos rodea. Esta partitura foi comisionada pola US Army Band e o seu director, o coronel Finley Hamilton.

*SAXOPHONE CONCERTO Nº 1 “MYSTIC QUEST” (2014) (“Procura mística”)

Satoshi Yagisawa (3 de abril de 1975 en Tokio, Xapón)

Arranca esta obra cunha introducción que recorda ao mellor Bernstein, con un “tutti” donde non falta a percusión antes da primeira entrada do saxofón alto cunha instrumentación impresionante e con dinámicas moi logradas, empaste, xogos de planos sonoros, tempos sen respiro para texturas bellas no saxofón solista sobrevoando e baixando á masa sonora para volver a remontar nun plano maxestoso. Bo tratamento de cada sección da banda, compositor coñecedor da tímbrica a perfección e os ingredientes dun concerto levados a raxatabla.

O segundo movemento, lento, será protagonista o saxofón soprano, con madeiras detallistas e pequenos toques en tubas e sección de saxos creando o clima previo a entrada do solista nunha melodía extrema de rexistros sen perder nunca o color que realza a entrada de toda a banda e unha breve ponte a solo antes de ser arropado por toda a agrupación. O agudo do saxofón soprano sempre contrastado cos graves da banda, pasaxes rápidos e virtuosos debuxando espazos sempre cheos polo tutti, dando paso á obrigada cadencia que explora toda a tesitura do saxofón soprano, fraseo vocálico cal aria operística, misticismo do título sen perder armonizacións clásicas e cercanas ao oído, climas ata o clímax, emocións de aire polo aire e dende o aire.

O último movemento retoma o solista o saxofón alto para un tempo movido, épico, casi cinematográfico, xoguetón no solo e as contestacións da banda, ascensos e descensos ben construídos dende unha sonoridade clara ben arroupada por unha instrumentación moi traballada e coidada dende unha escritura realmente de calidade. Volta ao soprano como protagonista para completar rexistros agudos inalcanzables, melódicos cal saxo inabarcable, inmenso na volta ao alto, dous instrumentos en un, rematando melodías con mordentes, ataques secos, silencios xustos e texendo unha masa redonda donde cada sección da banda aporta o seu color. O “tutti” co solista tocando ao unísono a melodía ben vestida antes do acelerando final dará paso a súa última *cadenza* de vértigo, saltos e rexistros nas fronteiras, silencios luminosos ante o que sigue, sempre *cantabile* dende o virtuosismo e color dun saxo tenor rotundo, como outra aria final “a capella” rota polos bronce en grave preparando un final “de película”, policoralidad e épica por ese toque militar de marcha, voo dun águia feita saxofón dende o maxisterio e sonido único deste instrumento.

Satoshi Yagisawa Se graduó de la *Academia de Música Musashino*. También terminó una maestría y se graduó con el maestro de música. Luego trabajó durante dos años en la investigación musical.

Su trabajo es variado e incluye música orquestal, música de cámara, música coral y música para instrumentos tradicionales japoneses. Sus composiciones para vientos, cuyos títulos son auto-descriptivos, se conservan en un lenguaje musical dramático. Además, actúa como juez en competiciones, como director invitado con muchas orquestas y como autor de artículos en revistas profesionales (“The Flute”, “The Clarinet”, “The Sax”). Arregló en 2003 el tema de la música (Música para plantar y sembrar por el Emperador y la Emperatriz de Japón) para el 54 ° *Día Nacional del Árbol* en la *prefectura de Chiba*.

QUINTA SINFONÍA (“SAKUSA”) (Flor de cereixo)

Alfred Reed (New York 25 de xaneiro de 1921 - 17 de setembro de 2005)

Esta obra foi encargada polo “Senzoku Gakuen College of Music” de Tokio en conmemoración

do seu 70 aniversario en 1994. Con todo, á vista da invitación da WASBE (Asociación Mundial de Bandas Sinfónicas e Ensembles) á súa Banda para que actuasen na 7ª Convención Anual desta asociación, que tería lugar en Hamamatsu (Xapón) no verán de 1995, decidiuse atrasar o estreo da obra para ese intre.

A sinfonía consta de tres movementos, cunha introdución marcada polo autor como Moderadamente e sostido que nos leva ao primeiro movemento en si, un *Allegro Assai* no que o principal material temático é tocado primeiramente polos timbales e as percusións de láminas.

O segundo movemento, do cal a sinfonía toma o seu subtítulo, é un traballo extenso sobre unha das máis vellas e máis queridas cancións populares xaponesas “*Sakura*” (Flor de cereixo), unha longa e sostida melodía elexíaca tomada como base para o desenvolvemento dunha variación libre a través de todas as seccións individuais da orquestra.

O terceiro movemento é unha brillante forma *Rondó* (*Allegro molto, con fuoco*) na cal algúns elementos dos movementos anteriores incorpóranse para traer a obra completa cara a unha impresionante conclusión nunha explosión final, virtuosa para todos os instrumentos da Banda.

A Quinta Sinfonía “*Sakura*” foi tocada por primeira vez o 26 de xullo de 1995 pola “Senkozu Gakuen Wind Orchestra” baixo a dirección do compositor, no 7º Congreso WASBE en Hamamatsu, Xapón, tal como se dixo máis arriba.

Mar i Bel.1999. *Fantasía española*. **Ferrer Ferrán**

Composición para Banda escrita en 1999. Obra dedicada e realizada para homenaxear a José Tarazona por todas as axudas que ofrece á Sociedade Musical Banda Primitiva de Paiporta na cal é director titular Ferrer Ferrán. Dun xogo de palabras nace “Mar i Bel”, fantasía española, facendo mención ao nome da súa esposa, combinando o Mar coa beleza e o Sol da terra española. A composición ofrece un combinado de ritmos típicos de España. Comeza a obra coa tradicional Malagueña, folckore de Málaga, palmas típicas dos xitanos e xolda acompañando á cantaora que vén descrita por un gran só de trompeta a modo de

Programa

1ª PARTE

*SUNRISE AT ANGEL'S GATE (2001) (Amencer na porta do anxo)

Philip Sparke (Londres 21 de decembro de 1951)

*SAXOPHONE CONCERTO Nº 1

“Mystic Quest”(2014) (“Procura mística”)
Satoshi Yagisawa (3 de abril de 1975 en Tokio, Xapón)
Saxofón alto e soprano solista: *Jorge García Rojo*

1º movemento:
Allegro con fuoco

2º movemento:
Adagio

3º movemento:
Allegro con spirito

2ª PARTE

QUINTA SINFONÍA (“SAKUSA”) (1994) (Flor de cereixo)

Alfred Reed (New York 25 de xaneiro de 1921 - 17 de setembro de 2005)

1º movemento:
Moderately and sustained - Allegro assai

2º movemento:
Freely (Quasi recitative)

3º movemento:
Allegro molto con fuoco
meno mosso
Allegro molto

MAR I BEL (1999). *Fantasía española* Ferrer Ferrán. (Valencia 1966 -)

Nota: polo ben de todos prégame desconecten os móbiles durante o tempo do concerto. Grazas